

Escola de menciñeiros

Dedicatoria: a Vicente Risco

Nunha breve introdución sinala o autor:

"Xente é ista da que falo que conocín i algunha de mui preto. Dos curadores de que conto, sempre me solprende o feito de que curaran doentes i o coido humán que puñan no seu trato, amén dunha sotideza intelectual... Conto o que oín, falo de xente que conocín, dou unhas poucas novas e ren máis... O todo é unha pequena viaxe por entre a xente de nós, e non dubido de que no meu espello poidan ter ficado, solprendidos e por un instantiño, rostros do que chamamos ser galego, da insoldabre profundidade do ser galego.^[6]"

■ 1. Perrón de Braña

Mandaba rezar o doente para escoitarlle a voz, durmía con el para corrixirle o sono e a respiración e, sobre todo, curaba con sangrados. Tamén lle contaba historias e adiviñas para axudar á curación. Para reforzar a verosimilitude conta que o menciñeiro mercou unhas lancetas do médico poeta Manuel Leiras Pulpeiro e que tamén tratou con seu tío don Xusto Moirón.

■ 2. Borrallo de Lagoa

Era albino e especialista en curar tolos, cambiáballes o nome e criáballes unha nova vida e novo pasado. Tamén curaba os ensumidos ou afreixoados. Remata:

"Valía máis que Conxo!, díxome un mui amigo dil. De neno afixo a comer do mesmo zatico de pan a un rato i a un merlo. Tiña mui estudiada á xente. Eu parece que o estou vendo na botica de meu pai, agardando a que lle despachasen pastillas de clorato i un peso de augardente alemán.^[7]"

■ 3. Xil da Ribeira

Era dunha familia de menciñeiros, parteiras, capadores... Consultaba debaixo dun paraugas e escoitaba tusir a distancia. Estaba en contra do leite porque non é natural, ningún animal segue mamando de adulto. Tamén lles facía os traxes aos doentes que tiñan marchar pronto para o outro mundo.

■ 4. Lamas vello

Poñíalle un “plomo” de albanel aos doentes para ver como vibraba e preguntáballes nome, alcume, historia. Era partidario de que as doenzas as adentramos nós mesmos, non nolas bota ninguén. Toda doenza ten un nome, non o que lle dan os médicos, e ao saber o nome moitas veces xa se cura. Dalgún xeito lembra a cantiga de Santa María de Afonso X (*e irei pela marinha/vendend'azeit'e farinha;/e fugirei do poçón/do alacrán, ca eu non/lhi sei outra meezinha*) cando conta:

"Ti o que tes é ansia e máis nada. Deixa todo, viste a roupa máis vella, e vaite á Mariña, i andas por alí dous ou tres meses agora que vén o bo tempo a pedir esmola. Non leves contigo nin un perrochico. Fai que non conoces. Ti pides mui humilde, das as gracias, bicas a esmola e nada máis. I o Folgo fixo o recetado e curou. Curou do corpo e millorou da ialma. Os que lle debían cartos atopábano máis compasivo. Chegou ós noventa.^[8]"

■ 5. O Coxo de Entrebo

Era coxo e coleccionista de estampas de cantantes e bailarinas famosas. Nunha ocasión foi a Madrid velas e tivo que volver a pé e sen cartos, mais trouxo algún libro, coma un de predicir o tempo e curar animais. E foise facendo alveite famoso. Facía as receitas nas estampas das artistas. Xa morto el as estampas seguiron pola comarca e mesmo había quen lles atribuía propiedades curativas. Aprendeu latín para falar cos animais enfermos, mesmo cos lobos.

■ 6. Pardo das Pontes

Metía a palabra “verbigracia” polo medio dos diagnósticos, receitaba viño de Málaga e falaba de que dentro de nós temos todo tipo de ventos. Trouxera de Cuba moitos ditos e falares que empregaba a miúdo. Tamén era afeccionado á lotaría e cría poder adiviñar pola lúa o número que tocaría, mais nunca atinou. O narrador coñeceu moito un sobriño de Pardo.

■ 7. Silva da Posta

Botou moitos anos en Buenos Aires polo que se queixaba de que aquí non houbese as medicinas que había alá. Levantaba a paletilla e podía adiviñar moitas cousas, como quen era o pai dun rapaz fillo de solteira. Era amigo do Cachizas que deu na teima de que se morría quería pasar un tempo na terra viaxando. Arranxoullo o Silva meténdolle un espertador no cadaleito, a primeira vez que souu deulle un susto do demo aos presentes no cemiterio, mais logo deixou de soar. E tamén se conta o caso do Vizoso que se topou coa presenza do Silva no monte da Xesta, estaban catro chocando a ánima dun que morrera no monte, é dicir, enganándoa para darlle terra. Silva levaba navalla e falaba o castelán coma sempre.

■ 8. O Señor Cordal

Era da Corda, moi gustoso das mulleres e amigo e coñecedor da natureza. Botou un tempo na Arxentina. Case todo o que pasaba llo apoñía ao poder da lúa, e tamén ao tempo e as treboadas. Rematou nun asilo.

▪ 9. Cabo de Lonxe

Era especialista en tirar verrugas e tamén en reloxos e anteollos. O seu avó fora un grande prateiro, dicía que Napoleón estivo en Parga. No ano 25 cobraba a real por verruga e cando morreu Perrón da Braña (protagonista de outro relato do libro) pasou a cobrar dous.

▪ 10. O Licho de Vilamor

Andaba polas feiras tirando moas e dentes sen dor, levaba un colar coas pezas sacadas e explicaba de quen eran. O narrador conta o que lle pasou a Licho na casa do seu bisavó, o escribano Moirón de Bretoña (a nai de Cunqueiro era Mora Moirón).

